



Foto: David Colunga Quesada

**Avelino Souto Rozados**

Presidente do Club de Xóvenes Gandeiros de Galicia

Vivimos nunha época moi complexa para os empresarios do rural. Vivimos na era na que os urbanitas, que non coñecen o noso traballo, pretenden darnos leccións e impoñerlles as súas normas ás persoas do rural.

Os gandeiros temos que estar orgullosos do que facemos, temos 365 razóns para estalo, como os 365 días que traballamos para ofrecer o mellor produto.

Ser gandeiro é unha profesión que se leva dentro, de forma vocacional, que se leva no sangue. Ademais, temos que mostrarlle á sociedade que, se non existisemos, non habería alimentos, así de sinxelo. Ás veces, á sociedade semella esquecérselle a importancia do sector agroalimentario.

Os do rural temos a grande honra e responsabilidade de alimentar o mundo e, a miúdo, non nos paramos a reflexionar o que iso supón en feitos tan habituais como tomar unha cervexa. Se non existe o sector primario, o resto é menor. O mundo ten que comer.

O sector primario ten moitas funcións polas que sentirse orgulloso. Somos os responsables de manter e darlles vida aos lugares que se están despoboando. Freamos o abandono da terra, porque ao final, onde existe vida agraria, a terra está cultivada e o

Ser gandeiros é para estar orgullosos

medio, coidado. En definitiva, somos os xardineiros do mundo.

Temos que estar orgullosos da nosa tecnoloxía. A sociedade urbanita vive de costas á revolución tecnolóxica que viviu e vive o campo. Hoxe en día, andamos co tractor a 70 km/h e os coches, a 30 km/h polas cidades, pero non soamente iso, tamén cabe salientarlle a tecnoloxía en materia de xenética, coa fecundación in vitro, así como a innovación nos sistemas de muxido, con tecnoloxía de última xeración, tanto en robots como en salas de muxido.

A maiores, temos que dicirlles a todos aqueles que nos achacan o cambio climático que si, que algo contaminamos, pero somos o único sector produtivo que facemos dúas funcións na cadea do cambio climático. Os cultivos e a agricultura evitan a desertización, son emisores de osíxeno á atmosfera, axudan a regular o clima e, sobre todo, actúan como sumidoiros de CO₂.

Máis de 10.000 familias poderán, co apoio unánime da sociedade, continuar co seu labor e a súa paixón: coidar do rural, que é de todos. Pero non soamente eles, senón tamén camioneiros, veterinarios, comerciais, asesores, xestores, laboratorios e todas as familias que traballan arredor do sector primario poderán seguir desenvolvendo a súa profesión. Respectando e dándolle valor á nosa xente do campo, faremos que cada día os agricultores nos levantemos cunha ilusión de traballo.

Somos os primeiros que queremos que as nosas vacas estean ben e non temos culpa de que entre os 10.000 gandeiros galegos existan dez tolos que maltratan os animais e que eles

▶ OS CULTIVOS E A AGRICULTURA EVITAN A DESERTIZACIÓN, SON EMISORES DE OSÍXENO Á ATMOSFERA, AXUDAN A REGULAR O CLIMA E, SOBRE TODO, ACTÚAN COMO SUMIDOIROS DE CO₂

sexan noticia. A noticia temos que ser o resto dos gandeiros, que miramos as nosas vacas, que, se é preciso, nos levantamos nas noites frías de inverno para atender un parto; aqueles que interactuamos con elas; aqueles que non as vemos como máquinas de producir leite, senón como aliadas que forman parte do noso modo de vida. Por suposto, cómpre destacar que para calquera gandeiro é complicado desfacerse dun animal, pero a granxa ten que funcionar como unha empresa, porque, se non, non viviríamos.

A agricultura e a gandería son os piares fundamentais da sociedade. Nós, os gandeiros, tamén temos sentimentos, queremos aos nosos animais e somos os primeiros que miramos polo seu benestar. Sempre é difícil sacrificar un animal, do que coñeces a súa nai e toda a súa historia e co que vives momentos felices, coma min con Edurne.

Debemos dicir ben alto e con dignidade: son gandeiro e síntome orgulloso. Son gandeira. Nacín na aldea.

Sentimos paixón pola gandería e por ser os encargados de alimentar e coidar o mundo. ■